

Ref.VJ/ma

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

1º.- Que o 1 de agosto de 1956, foi aprobado o Consorcio do monte "TREVIN", LU-2205, que como pertencente á parroquia de Carballido, subscribirán o Concello da Fonsagrada e o Patrimonio Forestal do Estado, o través da Excmá Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que o feito de que dentro do perímetro do monte se inclúsen parcelas de propiedade privada foi causa de que na vila da Fonsagrada, o 22 de xullo de 1994, os propietarios das mesmas D. ARTURO ENRIQUE RODIL, D. BALDOMERO ALVAREZ RANCAÑO, D. ANTONIO GARCIA PRIETO e D. JESUS CARREIRA LLENDERROZAS outorgaran Poder Notarial ós temén propietarios D. VIRGILIO RODIL FERNANDEZ e D. ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, para que asina un convenio coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes que afectase as 46 Hás. da súa pertenza, que na actualidade están consideradas como parte integrante do monte "TREVIN", LU-2205.

3º.- Que o 12 de xaneiro do ano en curso D. VIRGILIO RODIL FERNANDEZ e D. ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ propuseron á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a sinatura dun Convenio que inclúsen as 46 Hás. as que se fai mención.

4º.- Que 18 de xaneiro, ante tal solicitude, esta Xefatura dirixíuse ó Concello da Fonsagrada para que manifestase a súa conformidade ou disconformidade con que se cancelase o Consorcio do monte "TREVIN", LU-2205, en 46 Hás., que pasarían a constituí-lo monte "LLAN", que posteriormente sería obxecto dun Convenio a subscribir entre os seus propietarios e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

5º.- Que en Sesión celebraba o 31 de xaneiro, o Pleno do Concello da Fonsagrada prestou a súa conformidade a cancelación solicitada.

6º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e das obras auxiliares existentes nas 46 Hás., a conservación e tratamento selvícola da masa forestal creadas ou das se creen no futuro, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios concordantes con tales fins.

7º.- Que en consecuencia, o novo monte "LLAN", queda constituído por:

46 Hás. do monte "TREVIN", LU-2205.

8º.- Que as superficies do monte "TREVIN", LU-2205, eran:

superficie total	154 Hás.
superficie repoboadada	147 "
superficie inforestal	7 "

Como o monte "CAÑOTA E BAGULLO", 2717521, pasaron:

superficie total	27 Hás.
superficie repoboadada	24 "
superficie inforestal.....	3 "

as superficies actuais, son:

superficie total	127 Hás.
superficie repoboada	123 "
superficie inforestal	4 "

O monte "LLAN" pasan:

superficie total	46 Hás.
superficie repoboada	44 "
superficie inforestal	2 "

9º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "TREVIN", LU-2205.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1994:	1.943.503.- Ptas.
pasados o m/"CAÑOTA E BAGULLO", 2717521	317.306.- "
saldo actual:	1.626.197.- "

b) Ingresos:

o 31-12-1994:	-
pasados o m/"CAÑOTA E BAGULLO", 2717521.	-
saldo actual:	-

10º.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "TREVIN", LU--2205, pasan á do Convenio do monte "LLAN", son:

a) Gastos:

traballos: 44 Hás. x 1.626.197.- Ptas. 581.729.- Ptas.
123 Hás.
administración: 7,85 x 581.729.- Ptas. 45.666.- "
100
gardería: 44 Hás. x 1.355.- Ptas./Há..... 59.620.- "

TOTAL GASTOS..... 687.015.-Ptas.

b) INGRESOS:

44 Hás. x 0.- Ptas. -
123 Hás.

TOTAL INGRESOS -

11°.- E que a conta do Convenio do monte
"LLAN", abrirase cun saldo de:
687.015,- pesetas - 0,- pesetas..... 687.015,-Ptas
=====

En virtude de todo iso, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes
características:

Nome do monte: "LLAN".

Elenco: 2717547.

Superficie: 46 Hás.

Pertenza: D. VIRGILIO RODIL FERNANDEZ e outros
veciños.

Termo municipal: A Fonsagrada.

A contabilizar como anticipo: 50%.

A contabilizar como subvención: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Propiedade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%

2º.- Que a conta do Convenio do monte "LLAN", 2717547, se abra cun saldo de 687.015,- pesetas, sen prexuício dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "TREVIN", LU-2205 con posterioridade ó peche das mesmas.

3º.- Que no sucesivo as características do monte "TREVIN", LU-2205, sexan as seguintes:

Nome: "TREVÍN".

Elenco: LU-2205.

Superficie: 81 Hás.

Pertenza: Parroquia de Carballido.

Termo municipal: A Fonsagrada.

4º.- Que por pasa-la a conta do Convenio do monte "LLAN", 2717547, das contas do monte "TREVIN", LU-2205, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 44 Hás. X 1.626.197.- Ptas..... 581.729,-Pts.

123 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 1995.


O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

P/A

Fdo.:  Carmen Juliá Aguado.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,

Fdo.  Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.

ILMO. SR.

Vista a solicitude da sinatura dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e D. VIRGILIO RODIL FERNANDEZ e D. ANTONIO FERNANDEZ FERNANDEZ, que actúan en nome propioe en representación dos restantes propietarios do monte "LLAN", constituido por 46 Hás. procedentes do Monte Trevin e sito no concello Da Fonsagrada (Lugo), e a vista dos informes favorables emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo es Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da producción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto.

Santiago de Compostela, a 16 de maio de 1994

A XEFA SECCIÓN XURÍDICA,



MJR

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo do informe favorable emitido pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O:

1º.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome do monte "LLAN".

Elenco: 2717547

Superficie: 46 Hás.

Pertenza: D. VIRGILIO RODIL FERNANDEZ e Outros veciños.

Termo municipal: A Fonsagrada.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Propiedade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "LLAN", 2717547, se abra cun saldo de 687.015,- pesetas, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do Monte "TREVIN", LU-2205 con posterioridade ó peche das mesmas.

3º.- Que no sucesivo as características do monte "TREVIN" LU-2205, sexan as seguintes:

../..

Nome: "TREVÍN".

Elenco: LU-2205.

Superficie: 81 Hás.

Pertenza: Parroquia de Carballido.

Termo municipal: A Fonsagrada.

4º.- Que por pasa-la a conta do Convenio do monte "LLAN", 2717547, das contas do monte "TREVIN", Lu-2205, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 44 Hás x 1.626.197.- Ptas. 581.729.-Ptas.
123 Hás.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 1995

O CONSELLEIRO,

P.D.

SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	7547
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **TOMAS PEREZ VIDAL**, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **VIRGILIO RODIL FERNANDEZ, con D.N.I. nº. 76.551.524 e D. ANTONIO FERNANDEZ FERNANDEZ, con D.N.I. nº. 33.723.851, labradores, con enderezo no lugar de Louteiro e Llán, parroquia de Veiga de Logares, termo municipal de A Fonsagrada**

como representantes dos propietarios do monte **"LLAN"**, segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª. — O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **1 de Agosto de 1.956** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª. — Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se describen:

Denominación: **A Fonsagrada**

Termo Municipal:

LUGO

Provincia:

Límites:

N.: **Propiedades particulares;**

L.: **Monte "TREVIN", LU-2205;**

S.: **Monte "TREVIN", LU-2205 e río Veiga de Logares y**

O.: **Propiedades particulares.**

Superficie: **46 (COARENTA E SEIS) Hás.**

Estado forestal: **44 (COARENTA E CATRO) Hás. repoboadas e 2 (DUAS) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: **---**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
44 (COARENTA E CATRO) Hás.

Sen vexetación arbórea: **2 (DUAS) Hás.**

Servidumes: **---**

TÍTULO DE PROPIEDAD

Por **herdencia dos seus antepasados.**

Inscrita no Rexistro da Propiedade de **---**

Tomo (s) **---**

Folio (s) **---**

Finca (s) **---**

Inscripción (s) **---**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **D. VIRGILIO RODIL FERNANDEZ, D. ANTONIO FERNANDEZ FERNANDEZ e ó resto dos veciños otorgantes do Poder Notarial en A Fonsagrada ó 22 de Xullo do 1.994.**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recolle-rá na conta do convenio.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán parcial ou totalmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenca entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarase á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **46 Hás. do monte "TREVIN", IU-2205.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para os propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o **-** por cento, e os propietarios, o **-** por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **trinta e cinco** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~Asda. para utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será~~ **O monte está repoboado con P. pinaster.**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Asda.: Virgilio Rodil Fernández.

Asda.: Antonio Fernández Fernández.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Asda.: Virgilio Rodil Fernández.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

SECRETARIO XERAL,



Asda.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)

Asda.: Antonio Fernández Fernández.

En Vega de Logares, municipio de Fonsagrada, siendo las doce horas del día doce de Enero de mil novecientos noventa y cinco, se reúnen D. VIRGILIO RODIL FERNANDEZ, con D.N.I. nº 76.551.524 y -- D. ANTONIO FERNANDEZ FERNANDEZ, con D.N.I. nº 33.723.851 y en virtud del Poder Notarial otorgado en Fonsagrada el 22 de Julio de 1.994 por D. ARTURO ENRIQUE RODIL, con D.N.I. nº 33.725.970, D. BALDOMERO ALVAREZ RANCAÑO, con D.N.I. nº 33.723.976, D. ANTONIO GARCIA PRIETO, con D.N.I. nº 76.524.186 y D. JESUS CARREIRA LLENDERROZAS, con D.N.I. nº 76.524.025, acuerdan:

-proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e -- Montes de la Xunta de Galicia la firma de un Convenio que afecta a -- las 46 Hás. de su propiedad, que en la actualidad están incluidas en el monte "TREVIN", consorciado por el Ayuntamiento de Fonsagrada y el Patrimonio Forestal del Estado, a través de la Excma. Diputación Provincial de Lugo, por lo que, en consecuencia, las características del monte a conveniar serían:

Nombre: "LLAN"

Superficie: 46 Hás.

Límites:

N.- Propiedades particulares;

E.- Monte "TREVIN", LU-2205;

S.- Monte "TREVIN", LU-2205 y río Vega de Logares y

O.- Propiedades particulares.

